

Cavadas, O Celeirote, Cima de Vila, Fanoi Vello, Os Fornos, Goela, A Irexa, As Laguceiras, Lidín, Membríbe, O Paxariño, A Porta de Bouza, Regorredeiro, Tezán, O Vilar Novo e A Zurreira. Dista 2 quilómetros da capital do municipio e baña as súas inmediacións o río Gontán.

FANOI VELLO. Aldea da parroquia de Fanoi (Santa María Madanela), concello de Abadín (Lugo), que ten 4 habitantes e dista 1,5 quilómetros da capital municipal.

FAO (Santa Uxía). Parroquia do concello coruñés de Touro, arciprestado de Ferreiros e diocese de Santiago de Compostela. Os seus 259 habitantes agrúpanse nas entidades de poboación de Aldrén, O Arroeiro, Bustelo, O Cascallón, A Cruz, Os Dezas, A Eirexe, Os Gagos, O Moutarón, Os Paces, Pena, Soutullo e A Torre. Bañan o territorio pequenos regatos, afluentes dos ríos Ulla e Beseño.

FAQUÍN. Lugar da parroquia de Garabás (San Pedro), concello de Maside (Ourense), que ten 26 habitantes e dista 3 quilómetros da capital municipal.


FAQUIÓS. Aldea da parroquia de Castelo (Santa María), concello de Taboada (Lugo), que ten 38 habitantes e dista 2,6 quilómetros da capital municipal.

FAQUÍS. Aldea da parroquia de Rao (Santa María), municipio de Navia de Suarna, provincia de Lugo, que ten 5 habitantes e dista 10 quilómetros da capital do concello.

FARACHO, O. Lugar da parroquia (Santa María) e concello de Punxín (Ourense), que dista 3,5 quilómetros da capital municipal.

FARALDO, O. Aldea da parroquia da Castañeda (Santa María), municipio de Arzúa (A Coruña).

FARALDO ASOREY, Antolín. Membro destacado do galeguismo, resulta ser unha das figuras de referencia obrigada no desenvolvemento do diferencialismo galego ó constituírse, á marxe da súa breve traxectoria vital (Betanzos, A Coruña, 1822-Granada, 1853), como o precursor da primeira etapa deste movemento vindicativo, coñecida como provincialismo. Fillo de Feliciano Vicente Faraldo e de Francisca Asorey Canda, Antolín habitaba a empregar como segundo apelido o de Malvar ou Malbar, en honor á súa avoa materna María Cándida Pinto y Malvar. Aínda que en Santiago de Compostela cursou, de 1835 a 1842, os estudos de Medicina, así como outras materias vinculadas á filosofía, á física experimental e á química, á anatomía ou fisioloxía, ó grego, etc., serán as súas numerosas lecturas, a súa mirada atenta ós problemas de Galicia e á realidade histórica do seu tempo, xunto co seu ingreso en distintas asociacións e correntes progaleguistas, as claves fundamentais que marcarán a súa orientación futura como ideólogo e activista do provincialismo. De certo, a vida



Fao (Santa Uxía) é unha parroquia que pertence ó concello coruñés de Touro.

pública de Faraldo (comprendida entre os anos 1840 e 1846, cunha dedicación total á comunidade galega) non só principiou en Compostela, senón que ademais evolucionou coa súa vertente asociativa, á que cómpre sumarlle a súa faceta periodística, a súa participación nos debates do momento e, moi en especial, o seu constante contacto con outros galeguistas.

Neste ámbito, un dos eventos máis decisivos para Faraldo foi, precisamente, a súa incorporación, en 1842, á Academia Literaria de Santiago, na que figurou, ademais, como socio constituínte. Será nesta entidade renovadora e de debate na que se dará a coñecer como orador e pensador pero, sobre todo, na que tomará contacto directo coa realidade crítica de Galicia. Neste sentido cómpre ter en conta aquí que esta institución de carácter aberto, científico-literario, liberal, progresista *xogará un importante papel na formación dunha conciencia cultural galega e vai ser un dos principais centros de politización universitaria e o niño ideolóxico da primeira xeración provincialista*, con Domingo Díaz de Robles como máximo promotor, Antolín Faraldo como principal nucleador e co periódico *El Idólatra de Galicia* como o seu voceiro oficial. Trátase, en suma, duns feitos que resultarán fundamentais para o establecemento da súa doutrina provincialista, pois foi a partir das súas experiencias neste organismo cando Faraldo principiou o desenvolvemento intelectual e práctico do que deu en denomina-la *grande obra*, expresión coa que englobou todo o seu programa de reivindicación e de restauración de Galicia. Ó carón da devandita academia, a actividade asociativa do pensador esten-

deuse co mesmo entusiasmo a outras institucións como á Deputación Arqueolóxica Galega, agrupación cultural e científica á que se incorporou en calidade de deputado o mesmo día da súa fundación, o 19 de maio de 1843, con José Vereá e Aguiar como presidente e Neira de Mosquera como secretario. As funcións do betanceiro nesta sociedade, declarada Academia Nacional Española (en abril



Fandiño



Fandiño



Fanega



Fanega



Fanegas



Fanego

de 1844) e logo denominada Deputación de Santiago da Academia Española de Arqueoloxía, irían en aumento a medida que creceu o seu recoñecemento. Tanto é así que coa renovación dos seus cargos, en febreiro de 1845, a entidade continuou baixo a presidencia de Vereas namentres Faraldo pasou a ser secretario no canto de Mosquera. Deste xeito, dinamizou a súa tarefa pública como representante dun ideario concreto e seguiu evolucionando na súa teoría provincialista a través dunha serie de incursións na historia de Galicia, unha das materias que logo acadarán un protagonismo especial no seu pensamento. Así pois, a adscrición tanto a estas sociedades coma a outras organismos revela que xa daquela Antolín estaba considerado como unha figura de certo relevo intelectual, polo seu valor periodístico, pola especial orientación cultural, reivindicativa e científica das súas publicacións, como tamén pola súa traxectoria publicista e asociativa.

Precisamente, a política activa e ideolóxica de Faraldo comezou a desenvolverse no momento en que se integrou no movemento intelectual e periodístico de Galicia, que tiña a Santiago como capital da corrente provincialista, ós foros societarios como núcleo xerador da súa actividade e á prensa como espalladora do seu pensamento; de aí que esta época, situada entre 1842 e 1846, sexa a etapa de afirmación e consolidación do seu ideario, así como da súa tarefa ética de publicista. A esta fase seguíralle, en 1846, un período de acción política e revolucionaria, vinculado ó levantamento liberal de 1846, do que foi un dos principais portavoces e promotores. Loxicamente esta directa e decisiva participación no proceso insurrecto abrirá para o betanceiro un novo ciclo no que a súa actitude se modificará totalmente, dado o trágico final dos acontecementos e, en consecuencia, o seu desterro a Portugal no mesmo ano. Ben sintomáticas deste cambio son as palabras de Murguía ó afirmar que *desde ese momento Faraldo no nos pertence*. De certo, logo de recibila amnistía en 1847 e de asentala súa residencia en Madrid ante a imposibilidade de volver á súa terra, o galeguista publicou traballos progresistas no órgano madrileño *La Europa* e colaborou nalgún periódico galego como *Boletín Mercantil e Indus-*

Antolín Faraldo Asorey foi bautizado na igrexa de Santa María do Azogue, de Betanzos. ▶

trial de Galicia, pero sen abordar nunca máis a temática provincialista ou a problemática de Galicia. Ademais, dende este instante ata a data da súa morte en Granada apenas existen datos concretos sobre o seu itinerario vital ou sobre cal foi exactamente o motivo do seu traslado granadino e do seu falecemento, anque parece que razóns de saúde e causas políticas forzaron este desprazamento. De tódolos xeitos e á marxe destas vicisitudes, o que si está claro é o impacto que a obra de Faraldo tivo para a historia de Galicia, en xeral, e para a dos galeguistas, en particular, se ben esta non se pode desvincular da tarefa dos seus compañeiros de acción e pensamento, tales como Benito Vicetto, Neira de Mosquera, Romero Ortiz, Rúa Figueroa, Pío Rodríguez Terrazo ou o admirado Ramón de la Sagra, figuras que dende diversos campos e ámbitos xeográficos tanto se preocuparon polo porvir da comunidade galega a través dunha protesta profunda e xeneralizada que desembocou nunha nova conciencia.

Como sucede con moitos outros da súa xeración, a prensa representará para o betanceiro un medio idóneo para cristalizar as súas liñas de pensamento e para levar a cabo a súa doutrina re-xeneracionista. Non hai que


esquecer neste sentido que se boa parte do éxito que acadou o desenvolvemento das ideas progaleguistas da época se debe á prensa ó actuar como soporte ideolóxico e publicista, esta corrente vindicativa tamén motivaría a extraordinaria evolución xornalística galega do XIX. De aí que, como no caso de Faraldo, ás veces resulte difícil distinguir se se está ante periodistas, escritores, ideólogos ou políticos, aínda cando tódalas facetas teñen unha función esencial no seu itinerario. Unha mirada atenta á súa obra periodística permite concluír que se trata dun xornalista de signo político e doutrinal, consonte as súas vocacións e o seu compromiso con Galicia, excepto no momento dramático da revolución de 1846, cando *cambiou a pluma pola espada*. O labor levado a cabo polo pensador nos diversos medios periódicos nos que colaborou circunscríbese ó seu manifesto reivindicativo de Galicia, polo que non se pode disociar tampouco doutras vertentes vinculadas á súa tarefa de guía ou promotor dun movemento colectivo. A isto cómpre sumarlle ademais o feito de que de non ser por estes órganos posiblemente nunca se conservarían por escrito os postulados do pensador. Baixo unha dinámica actividade periodística (na que destacan os anos comprendidos entre 1842 e 1846), Antolín tratará de propoñer distintas solucións para os problemas socioeconómicos, histórico-culturais e políticos do pobo galego, cunha análise crítica e profunda e da súa situación. Se ben se estreou como periodista en *El Idólatra de Galicia*, non será ata a súa integración en *El Recreo Compostelano*, *La Situación de Galicia* e en *El Porvenir*, cando os seus escritos acaden progresivamente unha función e representatividade, pois coa única nota común de ser xornais composteláns de trazo provincialista, o seu traballo nestas publicacións será moi desigual, en sintonía coa súa evolución e co seu carácter máis ou menos incisivo.

Así, por exemplo, o paso por *El Idólatra de Galicia*, *Periódico sabatino de literatura, ciencias y artes en general, moral y costumbres* de Díaz de Robles, significará para Faraldo un contacto directo co voceiro e promotor principal da Academia Literaria, pioneiro na causa provincialista e no enfoque culturalista; sen dúbida, unhas orientacións das que se embeberá



Antolín Faraldo, por Sobrino. ▶





Instancia de Faraldo para optar ó grao de bacharel en Medicina.

o pensador retomando o mellor de cada unha delas para os seus escritos e demandas, que nesta etapa aínda seguen a estar bastante difusos. Logo deste punto de partida, en 1842 intégrase en *El Recreo Compostelano*, que, segundo Barreiro, *constituye la prueba de la madurez intelectual de una generación acaudillada por Faraldo y Neira*, que eran os seus principais redactores, inda que logo ficará só o segundo. Precisamente, será neste xornal cando aparezan por vez primeira os seus textos doutrinarios (con títulos como “Estudios de Galicia” ou “Historia de Galicia”), cos que inicia a estruturación teórica do primeiro provincialismo, converte a publicación nun dos principais periódicos ideolóxicos da época sorteando incluso

a ditadura de Narváz e consegue consolidarse como un xornalista político ó comezar a crea-lo seu ideario galeguista de vocación integral, coa súa respectiva resonancia. A vinculación de temas galegos con temas universais, a visión crítica dos problemas de Galicia e a importancia do pasado na construción dun porvir son algunhas das constantes faraldianas que xa se atopan nesta etapa. Dentro desta toma de posición, o paso de Faraldo por *La Situación de Galicia* a partir de 1843, acadaría así mesmo a súa importancia, pois a través deste *Periódico político, literario e industrial* defensor do provincialismo principiaría un contacto máis intenso con Pío Rodríguez Terrazo, editor da publicación e líder progresista de Santiago, co que o


betanceiro figuraría na xunta revolucionaria do levantamento de 1846. Á marxe de que o pseudónimo de *Abenhumeya* correspondía ou non a Faraldo, parece evidente que este mantivo no xornal unha liña progresista centrada no ámbito galego, con traballos tan representativos como “Santiago como futura cabeza de Galicia” ou “Reflexiones sobre Galicia”.

De referencia obrigada resulta tamén o seu periplo en *El Porvenir, Revista de la juventud gallega*, inspirada polo pensamento social de Ramón de la Sagra e dirixida polo propio Antolín, quen, amais de contar coa colaboración de Antonio Romero Ortiz e de José Rúa Figueroa, realizará neste voceiro da xeración de 1846 a súa grande obra teórico-xornalística. Non en van, o xornal, que foi cualificado por algúns como *o primeiro periódico anarquista de España*, axuntou ó seu redor os partidarios do galeguismo máis radical do momento encabezados por un Faraldo polemista e combativo que, ó longo das súas páxinas, presentou un modelo ideolóxico e un pensamento sociopolítico de Galicia xa madurado e que terá o seu punto culminante no asentamento do movemento provincialista e no controvertido manifesto “Nuestra bandera literaria”, que constituíu un dos eixes centrais da publicación. *El Porvenir* significouse deste xeito como unha tribuna de pensamento que ó redor de Antolín elaborou, pese ás prohibicións, unha política ideolóxica centrada no autonomismo, no prestixio, na personalidade e vicisitude propias do pobo galego, segundo os traballos publicados por Faraldo, que o confirmaron como un escritor e intelectual influente e respectado. A isto contribuíu o feito de que este, consonte o seu provincialismo aberto, enriquecese as ideas de Galicia con contribucións do exterior e que, a un tempo, tamén dese a coñece-la comunidade galega máis alá das súas fronteiras, combinando o autóctono co intercultural. Dende *El Porvenir*, por exemplo, mantivo distintos vínculos con publicacións peninsulares de ideoloxía similar e, moi especialmente, co periódico catalán *El Genio*, de Víctor Balaguer; pois o betanceiro foi un dos primeiros que viu na colaboración con Cataluña unha relación sociopolítica e cultural profunda. Mesmamente, a subscrición a *El Porvenir* en Barcelona podía facerse na redacción de *El Genio*, órgano que non só se fixo partícipe da polémica que suscitou o artigo de Faraldo “Nuestra bandera literaria”, senón que, en máis dunha ocasión, tamén lles amosou o seu apoio e aprecio ó seu autor e ó seu periódico, da mesma maneira que, á inversa, faría o xornal galego co seu director á cabeza, establecéndose así unha interesante canle de intercomunicación con moitos trazos en común.

Tralo seu paso por *El Porvenir* e logo do seu exilio portugués pola súa participación no levantamento de 1846, retomou a súa actividade periodística en Madrid con diversas colaboracións en *La Europa* en 1851. Non obstante, o feito de que neste medio o betanceiro se mantena á marxe do provincialismo e de que, polo tanto, xa non manifeste o pensamento galeguista de *El Recreo Compostelano* ou de *El Porvenir*, mais si un cariz progresista que o achega a *La Situación de Galicia*, motivou que a súa participación en *La Europa* sexa máis ben anecdótica, a pesar de ser unha das últimas referencias do traballo xornalístico de Faraldo. A esta circunstancia tamén contribuíu o ditame do Goberno presidido por Juan Bravo Murillo que obrigou, en outubro do mesmo ano, á suspensión do periódico.

O levantamento revolucionario de 1846. Aínda que resulta imposible trazar nunhas poucas liñas (e non procede neste espazo) todo o proceso revolucionario de 1846, si convén aclarar aquí cal foi a función concreta de Faraldo neste alzamento contra o presidente Narváez que, a pesar do seu fracaso, represión e consecuente exilio ou fusilamento (*mártires de Carral*) dos seus responsables, tería para o pobo galego unha influencia decisiva nas xeracións posteriores, especialmente na do galeguismo. Se ben este levantamento cómpre situalo dentro das revoltas de signo liberal e progresista que se estaban a dar nesa época na península e, de xeito moi particular, en Cataluña, é necesario matizar que en Galicia este adquiriu unha personalidade e un ritmo propios, ó estar ideado polos principais defensores da corrente provincialista que ata entón só se limitaran á súa función de concienciadores. É, pois, o momento de executar na práctica ás teorías da *grande obra*, de facelas realidade a través dunha militancia política insurrecta que terá o seu punto culminante no convulsivo abril de 1846 e en Faraldo un dos seus máximos expoñentes.

Destá sorte, a participación activa do betanceiro na revolta comezou o 5 de abril en Compostela, como membro da xunta revolucionaria, ó carón de Pío Rodríguez Terrazo e Romero Ortiz, entre outros, para levar a cabo un programa concreto e recrutar-lo maior número posible de intelectuais e estudantes, formando así o Batallón Literario de Santiago, denominado por algúns Exército Libertador de Galicia. Xa na asemblea do día 15, Antolín redactou, en condición de secretario da Junta Superior Provincial de Goberno de Galicia (presidida por Terrazo), a famosa proclama da sublevación, en sintonía co momento histórico e cos postulados xerais da política progresista, pero adoptando un ton totalmente provincialista, en función das necesidades materiais e espirituais de Galicia



Solicitud de matrícula gratuita feita por Faraldo á Universidade de Santiago de Compostela.

EL RECREO COMPOSTELANO.

PERIÓDICO LITERARIO.

TOMO I.

REDACTADO POR

D. Antonio Neira y D. Antolín Faraldo.

PUBLICALO

D. José Nuñez Castaño.

Portada de *El Recreo Compostelano*, redactado por Neira de Mosquera e Faraldo.

coma se a comunidade galega e non as circunstancias políticas do progresismo fose a protagonista real.

Con peticións como *Isabel II libre y constitucional, abajo el sistema tributario, libertad, independencia nacional Cortes constituyentes*, Faraldo principiou o seu pronunciamento sentando algúns dos obxectivos da revolta, que ademais lle serviron de preámbulo a un programa de reivindicación de Galicia co que o betanceiro se erixiu en voceiro da protesta armada. Desta maneira, a vindicación contida na proclama converteuse nun manifesto galeguista ante a

necesidade de crear unha conciencia de Galicia e un novo estilo de facer unha política propia, sen interferencias nin servidumes, coa atención ós problemas propios, tal e como se expresou mediante estas palabras: *Galicia, arrastrando hasta aquí una existencia oprobiosa convertida en una verdadera colonia de la corte, va a levantarse de su humillación y abatimiento. Esta Junta, amiga sincera del país, se consagrará constantemente a engrandecer el antiguo reino*

de Galicia, dando provechosa dirección a los numerosos elementos que atesora en su seno, levantando los cimientos de un porvenir de gloria [...]. Para conseguirlo, se esforzará constantemente en fomentar intereses materiales, crear costumbres públicas, abrir las fuentes naturales de su riqueza, la agricultura y el comercio, y poner en armonía con la época los hábitos y las ideas que dejó una sociedad decrepita fundada sobre la ignorancia. Despertando el poderoso sentimiento de provincialismo, y encaminando a un solo fin todos los talentos y todos los esfuerzos, llegará a conquistar Galicia la influencia de que es merecedora, colocándose en el alto lugar a que está llamado el antiguo reino de los Suevos. Que la espada de Galicia haga inclinar una sola vez la balanza en que se pesan los destinos de España.

Xa que logo, o concepto de colonia, estaba claro no contido do pronunciamento, como apareceu moitas veces nos escritos faraldianos en relación coa súa teoría do colonialismo interior. Anque dun modo moi xeral se formulou un programa de restauración da comunidade galega como unha totalidade sociocultural propia e unha política de autogoberno, o sentimento do provincialismo era, consonte pode lerse no escrito, o instrumento desa renovación libertaria e plural de Galicia, nese momento defendida na rúa coas armas e as proclamas. Pero, malia que o levantamento abrollou con forza, a derrota de Solís e o seus correligionarios, o día 23, o seu fusilamento en Carral, o día 26, e o exilio de Faraldo e outros compañeiros sublevados motivaron que, logo deste feito histórico, o galeguismo do XIX se repregase unicamente a posicionamentos culturais. Comezou así a segunda etapa do provincialismo (1846-68) e un novo período vital para o betanceiro, quen a pesar de regresar a España pouco tempo despois do seu exilio, logo de recibila amnistía do Goberno, xa non amosará o mesmo espírito (lémbrense neste sentido as palabras de Murguía) e coñecerá unha morte temperá, con tan só 31 anos.

Ideario. Pioneiro na estruturación dunha ideoloxía galeguista de especial relevancia na historia de Galicia polas súas múltiples consecuencias, o impacto da súa obra provocou que o propio Murguía cualificase a Faraldo como *el primero y el mejor* e que as súas teorías fosen tan repetidas polas xeracións futuras. A pesar de que o termo provincialismo é moi anterior a Antolín, pois este xa aparecera nas Cortes de 1821 nas discusións sobre a división provincial para denominalos movementos non centralistas e as vindicacións das comunidades locais fronte á opresión do poder central, nos

anos 40, debido á acción do betanceiro e dos seus compañeiros de pensamento, na comunidade galega o termo axiña pasou a identificarse cunha corrente autonomista ou galeguista centrada na reclamación de Galicia como unha totalidade cultural e como unha unidade política e administrativa diferenciada. Constitúese así o que Beramendi deu en designar como *o embrión do futuro nacionalismo*, que, na súa primeira etapa (1840-46), terá a Faraldo como o seu principal teórico, aínda cando este ás veces se cinga a manifesta-lo sentir da súa xeración ou que, en distintos aspectos, siga tamén un fenómeno non especificamente galego ó realizarse noutras partes do país como Cataluña ou O País Vasco e que, así mesmo, se embeba doutros movementos como o romanticismo como fomentador da singularidade dos pobos, o liberalismo, o progresismo, o criticismo social ou o historicismo.

Non obstante, non se pode negar que a primeira formulación sistemática do galeguismo político se lle debe ó betanceiro e que este a adaptou plenamente á problemática galega de entón, da que derivaba. De feito o seu esforzo rexenerador abrangueu tanto aspectos demográficos e culturais coma políticos, sociais, históricos ou económicos, pois inda que partiu dun malestar moi concreto e contemporáneo, o seu motor principal asentouse na valoración de todo o galego. De aí que a base socioeconómica constituíse un dos eixes centrais do provincialismo faraldiano, ó carón dun modelo compacto e cohesivo da comunidade galega, que, máis alá da denuncia

do seu atraso, procurou as razóns da súa decadencia na historia e o desenvolvemento dunha conciencia propia na consolidación dunha entidade política e administrativa unitaria e na defensa da especificidade de Galicia.

Entre os seus principais fundamentos resulta rechamante, pola súa novidade na época, a óptica sociolóxica, inspirada indubidablemente polo pensamento de Ramón de la Sagra. Tremendamente preocupado polos trazos da estrutura social galega que impedían a súa evolución, Faraldo partiu desta realidade particular na configuración da súa teoría vindicativa, que deu en chamar como a *grande obra*. A feracidade de Galicia, a mala organización na explotación dos recursos naturais, a diseminación do mundo rural co seu conseguinte illamento e proliferación de pequenas entidades, a inexistencia de grandes cidades, a falta dunha capital que fose un foco de irradiación e aglutinase o desenvolvemento estruturado da comunidade galega, a situación precaria do campesiñado e do sistema industrial e comercial, a discriminación sociocultural, a división de Galicia en catro provincias, o sistema foral, o afán uniformizador e colonialista da política centralista do Estado, o atraso e a decadencia do pobo galego ou a relación entre pasado, presente e porvir na construción dun pobo autónomo e revalorizado son conceptos recorrentes na conformación do modelo galeguista proposto por Antolín e que, en definitiva, lle serviu de fundamento ó provincialismo galego e inspirou, en parte, a revolución de 1846.

Se ben o galeguismo de Faraldo se sitúa nunha tendencia xurdida dende a propia Galicia, protagonista absoluta das súas vindicacións, este vai caracterizarse tamén pola súa intercomunicación con outras comunidades de ideoloxía similar, enriquecendo a súa vertente autóctona con outras culturas diversas e, moi especialmente, coa vinculación con Cataluña. Trátase, en suma, dunha corrente aberta que, atenta ós acontecementos históricos, así como ó progresismo e ó liberalismo da época, partiu dun esforzo común de rexeneración que teimou en asentarse unha identidade específica e orixinal baseada na singularidade do pobo galego, na autonomía administrativa e no autogoberno dunha Galicia unitaria, creadora do seu propio destino e do seu redescubrimiento e revalorización a tódolos niveis, especialmente no socioeconómico. Consonte Vereá e outros estudosos, Faraldo *buscou unha orixe propia (a celta), delimitou o territorio galego (o das catro provincias unidas que constituíe o Antigo Reino de Galicia), presentándoo como autosuficiente nas súas riquezas e posibles producións. Dotouno dunha alma espiritual propia (influenciado polo pensamento de De la Sagra) que el baseou no druísmo cristianizado e caracterizouno política e socialmente gracias á organización sueva e á vinculación co pasado prerromano. Ademais insinuou moitas das ideas logo empregadas para encamiñar a nosa posible independencia [...], indicando o camiño do progreso, da abertura, da comunicación e a necesidade de aglutinación do país por medio*



dunha capital que organizase o desenvolvemento equilibrado de Galicia.

Mais, en definitiva, nin o carácter precursor de Antolín Faraldo na defensa dunha conciencia e dunha personalidade galega diferenciada, dunha Galicia unitaria e autosuficiente ou dunha realidade histórico-social, política, económica e cultural propia, nin tampouco o feito de que este fose un dos promotores do levantamento de 1846 e de que os seus postulados e a súa acción creasen unha forte influencia nas xeracións posteriores impediron que a súa obra carecese, ata a época recente, dunha análise axeitada. De feito, a excepción do esforzo dalgúns galeguistas e dalgunhas iniciativas da diáspora galega, os escritos de Faraldo coñecíanse máis dun xeito parcial e arbitrario que polo seu verdadeiro senso. Posiblemente as escuras circunstancias nas que faleceu o provincialista, as distintas evolucións do galeguismo e, sobre todo, o complexo devir de Galicia motivarían que, no canto dunha lectura atenta, obxectiva e total das súas teorías, estas se visen sometidas, en certo modo, ós intereses de cada momento e de cada lugar, segundo os distintos escritores, políticos, ideólogos ou intelectuais.

Unha nota curiosa no relevo que acadarían as propostas faraldianas atópase en Bos Aires, onde os daquela exiliados Luis Seoane e Arturo Cuadrado crearon, a suxestión do primeiro, a Logia Antolín Faraldo para renderlle tributo ó pai do provincialismo e, á súa vez, abrir diversas liñas de actuación que enriquecesen a vida sociocultural dos galegos da Arxentina con distintas iniciativas que marcarían, co tempo, unha etapa importante da colectividade galega porteña. A fundación ou promoción de editoriais e de distintos proxectos vinculados á cultura de Galicia ou a creación dun fogar galego para anciáns foron algunhas das propostas desta entidade de carácter galeguista, composta integramente por exiliados galegos de diversos ámbitos. Nesta mesma liña de recoñecemento ó labor do ideólogo betanceiro, atópanse os actos de homenaxe que a Asociación Cultural Eira Vella lle dedicou a Antolín Faraldo ou a proposición da corporación municipal de Betanzos de nomealo fillo predilecto desta vila mediante un proceso burocrático que, a pesar de acadar un apoio unánime, aínda se está a levar a cabo na actualidade. Así mesmo, tampouco no ámbito político actual Faraldo deixou de ser, en maior ou menor medida e con diversos significados, un referente como pode apreciarse, por exemplo, na homenaxe e ofrenda floral que Galiza Nova realizou ante o seu busto na Ponte Vella, o pasado mes de abril de 2004, ou nas declaracións de Camilo Nogueira (BNG), quen en máis dunha ocasión manifestou publicamente a súa admiración por Faraldo, dado o

seu esforzo na defensa do nacionalismo democrático galego. (Baldomero Cores Trasmonte *et al.*)

FARALDO, Feliciano Vicente. Natural de Tiobre (Betanzos, A Coruña), onde naceu en 1785, significouse no seu tempo como un político de tendencia absolutista, hoxe, se cadra, máis coñecido por se-lo pai de Antolín Faraldo, que pola súa propia traxectoria. Se ben na vila betanceira Feliciano Vicente Faraldo exerceu durante moitos anos a profesión de escribán de número, a verdadeira consideración ó seu labor produciuse no momento en que o Concello de Betanzos propuxo, en 1825 e ante Fernando VII, nomear a Faraldo como capitán do Batallón de Voluntarios Realistas que se estaba a reorganizar alí. As razóns principais que motivaron tal proposta estiveron fundamentadas, basicamente, na marcada orientación absolutista do candidato, así como na súa deportación ás Canarias en 1821 (feito que ademais ocasionou que fose condecorado co escudo de distinción da súa maxestade en 1823), na circunstancia de desempeñar durante varios anos empregos en diferentes cargos públicos municipais, na distinción real de secretario honorario de Decretos ou na concesión da Flor de Lis de Francia, galardón outorgado pola súa adhesión á causa borbónica.

blemente esta situación derivou en que pouco tempo despois (en 1840 ou 1842, segundo as distintas versións dos estudosos) o político falecese na cidade de Santiago Compostela e que, trala súa morte, Manuel Murguía comentase en *Los precursores* (1885) o seguinte: *No fue el único que, unido por todo género de simpatías a lo que perecía y se aniquilaba, criaba bajo su techo al que debía ser apóstol de lo nuevo y propagador incansable de las aborrecidas doctrinas.*

FARALDO, Ramón. Nado na vila mariñeira de Foz (Lugo), en 1918, Ramón Descalzo Faraldo destacou, ó longo da súa extensa traxectoria, como guionista de cine, reputado crítico de arte, poeta e escritor. Desta maneira, compaxinou as actividades plásticas e creativas coas literarias e intelectuais, tarefas nas que sempre se deu a coñecer como Ramón Faraldo, empregando só o apelido da súa nai. A súa primeira etapa vital estivo especialmente ligada ás vicisitudes históricas do país. De feito, as circunstancias críticas que, no século XX, estaba a sufrila España dos anos 30, provocaron que Faraldo, logo de ter colaborado na época republicana na revista poético-política *Murta*, tivese que exiliarse a Francia cando, cursando estudos de Dereito e Filosofía en Irún, o



Cabeceira de *El Porvenir*, publicación que dirixiu Antolín Faraldo Asorey.

Abriuse así para Faraldo unha pequena etapa de prosperidade que culminaría en 1832, cando, por designación do citado monarca, pasou a ocupar a praza de secretario contador do daquela Hospital Real de Santiago de Compostela, ata que poucos anos despois, distintas vicisitudes histórico-sociais forzarían o seu regreso a Betanzos en situación de confinado. Xa no ano 1839 Feliciano Vicente Faraldo foi detido e procesado na cidade coruñesa de Ferrol, por resultar comprometido en causa de *conspiración e infidencia*, e, en consecuencia, destituído do seu emprego no Hospital Real pola Junta Provisional de Gobierno santiaguesa, de filiación progresista. Posi-

sorprende a Guerra Civil. Alí, observador atento da súa época, aproveitou a súa estada para seguir coa súa formación e coas súas ocupacións no campo artístico, á vez que centrou a súa atención sobre os escritores e políticos franceses León Blum (acerca do que escribiu o libro *León Blum y su época*) e André Malraux (do que traduciu a novela *L'espoir*).

De regreso a España e logo do seu paso por distintos campos de concentración, instalouse en Madrid, onde principiou o seu labor como crítico do diario *Ya* e colaborou con diversas revistas como *Arte*, ó mesmo tempo que destacou como un dos activistas artístico-culturais do momento, tal e como describiu o

GRAN ENCICLOPEDIA
GALEGA
SILVERIO CAÑADA

TOMO XVI

ESTE - FENE